

O retorno de reporteiro heroico

Nova vida para Tintín

JOAQUIM VENTURA

A recente estreia da película de Steven Spielberg, *As aventuras de Tintín: o segredo do Unicornio* dá nova vida ao mozo xornalista deseñado por Hergé. Non é casual esta elección do cineasta norteamericano. O libro orixinal é unha das historias máis brancas de Tintín. A acción sucede en boa parte no mar e máis nun anónimo país europeo occidental. Trátase dunha película realizada en debuxos informatizados e en tres dimensión. Supoño que os produtores fixeron os seus cálculos e que a publicidade despertará as expectativas necesarias, pero teño para min que, para os lectores de Tintín de sempre, resultará unha fita prescindible.

Os álbums de Tintín –como esoutros de Astérix, Lucky Luke ou Izngud (do recentemente desaparecido Jean Tabary), por falar de cómics de sona internacional– son xa uns clásicos do xénero. E como tales, as súas reedicións son continuas, conforme novas xeracións acadan a idade de ler ou ben antigos lectores queren recuperalos se non os tiveron ou acaso os perderon (cousa frecuente esta en caso de divorcio ou se os levou un irmán).

Alén, estes cómics –precisamente pola súa inmovilidade gráfica– permiten que se poidan traducir a linguas minoritarias como galego, asturiano, bretón, feroano, galés, luxemburgués, éuscaro ou mesmo variantes do francés como é o caso do bernés ou do picardo. O cal non deixa de ser un termómetro da vitalidade destes idiomas.

O problema destas reedicións, no caso de Tintín, é que o produto orixinal está cada vez máis lonxe da sensibilidade dos lectores. O anticomunismo que destilaba Tintín no país dos soviets, a primeira historia do mozo reporteiro, non era alínea á inspiración do promotor da revista onde apareceu, o abate Wallez, nuns anos de maquiéismo ideolóxico. Pertencía ao mesmo esquema de pensamento que xustificaba as aventuras no Congo, na China ou no Tíbet, en Norteamérica, Sudamérica ou en países árabes.

Pero, en paralelo, as aventuras tiveron que evolucionar conforme avanzaban os tempos sen que Tintín medrase, licenza que forma parte da convención establecida no mundo do cómic entre produtores e lectores. Nada menos que corenta longos anos transcorren entre o inicio da serie e o derradeiro dos álbums, o que facía o número vinte e un, *Tintín e os 'Picaros'* (1976). Entre tanto, coches, barcos e avións melloraron, se ben os protagonistas seguían a vestir á moda dos anos 30. Deste xeito, en *Voo 714 a Sydney* (1967) viaxan a Australia nun reactor da Qantas e tanto Tintín como o capitán Haddock empregan fusís de asalto da época da acción.

Doutra banda, convén non esquecer que cando apareceron, estes álbums eran relativamente caros e de circulación relativamente restrinxida. Os compradores tiñan (polo menos en España) certa capacidade adquisitiva e, en xeral, coinci-

dían coa ideoloxía que Tintín transmitía. Alén, as situacións narradas tiñan correspondencia co tempo de creación e, no caso daquelas historias máis conflituivas, as sociedades de recepción (as europeas) tiñan por normal o colonialismo, o exotismo americano, o perigo dos países asiáticos (o síndrome Fumanchú).

Por iso, ata certo punto sorprenden as críticas que se lle fan en nome da corrección política. Sería o caso da denuncia presentada polo cidadán de orixe congolesa e residente en Bélxica, Mbutu Mondondo Bienvenu, para que o álbum *Tintín no Congo* sexa retirado das librerías por racismo. Na historieta Tintín é atacado por unha tribo, certo, pero por indución dun norteamericano ao servizo de Al Capone. O reporteiro ten amigos nativos e non comete ningún acto censurable. En calquera caso, conviría preguntar: racismo por parte de quen? O Congo belga foi propiedade da coroa belga ata que en 1908 o "doou" ao seu país. Nos anos 60, Bélxica –coa axuda da CIA– alentou o asasinato de Patrice Lumumba, con Kasabubu no papel de Xudas, e a secesión de Katanga, co "católico" Moisés Tshombé de caudillo. Certo. Pero, acaso Mobutu Sesé Seko tratou mellor aos congoleses que Tintín? Todo iso sen esquecer a eterna guerra civil que padece o Congo. As viñetas de Tintín non son un exemplo, evidentemente, pero alén do paternalismo non habería outra obxección. Porén quen matou máis congoleses foi a coalición ruandesa-ugandesa que lideraba Nkunda. Pero iso non é racismo, polo visto.

